

**E** ntrou no “Bodegas de Quiroga” troupelexando, rozando as portas ao completo. Traía unha chea como poucas, mais aínda semellaba saber gardar a figura de pé no mostrador.

O Roxelío, cando o viu, pensou de entrada en non servilo; logo, pegándolle un golpe ao tupé, decatouse que o mellor sería porlle un vaso de tinto para evitar que bourease.

Veña merenghe!, dixo o bébedo con cativo berro, logo de dar un trago e pegar un acaneo que rematou tomando como punto de apoio o mostrador.

—Estás bonito, si hó!, dixo Pepiño, “O Chuli”, mentras ollaba con sorna cara a el. E o peor, engadiu, vai ser mañá, cando te queiras erguer, xa verás que lostregadas che vai dar a cachola.

Veña merenghe!, deu como resposta o borrachón en tanto zugaba, sedento, o que lle quedaba de viño e pedía, de contado, outro vaso.

Mira, obxectou o Portiño, un dos clientes máis serios que tiña o Quiroga, dirixíndose ao Chuli, éche mellor deixalo e non facerlle nin caso. Esta xente borracha é moi pesada e logo, non hai quen os quite de riba.

Veña merenghe! volveuse escoitar dende a esquina da barra marmórea como toda resposta.

Aínda se escoitou un ¡veña merenghe! denantes de tomar o último grolo. Cando xa pechaba a porta para irse, os entoldados ollos do cheas tornáronse un pouco mentres berraba desafiante, con máis forza, veña merenghe!

Trala porta foron soamente uns segundos de sorpresa, un freazo forte seguido dun golpe oco que soou na beirarrúa.

—Aló vai, berrou o Xenus, ebanista cualificado e contertulio habitual da taberna. Xa verás o que fixo este.

Na beirarrúa, deitado nunha cativa pucharca de sangue, estaba o bébedo laiándose. Tiña unha perna rota ao menos en dous sitios e unha ferida na fronte pola que sangraba non moito. Tamén na man tiña unha raspadura.

Xa todos os clientes do Quiroga estaban na porta e alguén, con bo criterio, chamou unha ambulancia.

—Metéuseme diante do auto, dicía o pobre rapaz que o atropelara. Non puin facer outra cousa que tocar o freo e aínda así,

escachoume un faro.

Un oubeo estridente anunciou a chegada da ambulancia da que baixaron, ás carreiras, dous homes de bata branca.

—Rezuma a alcohol, dixo un deles.

—Madialeva, contestou o outro baixando a angarilla do coche.

As feridas tiñan que doerlle dabondo, máxime cando o moveron para colocalo. Por fin, xa axeitado e coa dor reflectida na faciana, introducírono lentamente na parte traseira da ambulancia.

Xa ían pechar as portas os enfermeiros cando virou os ollos cara a nós. Ergueu o índice da man sá e, sacando todas as forzas que puido, aínda deixou escoitar un ¡veña merenghe! xusto cando o condutor acendía o motor e el tornaba as pálpebras, a bo seguro durmidas coa chea.





**X**a había tempo que lle tiña perdida a pista a Carme. En Compostela, no “Derby”, era cita obrigada nosa, despois de cear, en tertulia camiño das copas.

Sempre me sorprendera de Carme a súa soltura, o seu don de xentes ou, máis que nada, o seu poder de convencemento. Non entendía eu, polo tanto, que demo facía estudando unha carreira como Químicas; eu víaa mellor nas disciplinas de Dereito ou Filosofía, abraiando nos foros do Penal ou nos mítins políticos, pero non chapando aquilo.

As súas contradicións resultábanme chocantes e, por veces, distantes. Durante un par de meses, case ao comezo do curso, andamos liados. Non había cousa que máis me alporizase que a súa teima de fumar un pito na cama, denantes do coito. Apurábao ata a “boquilla” en tanto que eu, cabreado, metíalle man como un desesperado.

Cando tiña o cigarro rematado era outra cousa. Unha gran fodedora de cabelos loiros e pubis

negro como a morte.

Na tertulia do “Derby”, os seus ollos azuis movíanse inquisidores polas catro esquinas; resultaban, por veces, turbadores.

Gustaba de remexer sempre o café coa mesma man, afiada e osuda, coa que mantiña un pito entre os dedos. A cinza do cigarro caía moitas veces na taza. Con dozura entón, amosaba unha deliciosa dentadura no seu sorriso cómplice, pedía outro explicando o que pasara. Sempre lle cobraban un só café.

Gustaba de Carme o seu camiñar elegante, a súa roupa sempre de calidade e á última moda.

Xa había seis ou sete anos que rematara a súa carreira e deixara Compostela. Dende aquela, non voltara vela. Por iso, non deixou de sorprendeme cando, ó entrar aquela noite no bingo “Casablanca” e pedir un cubata, despois de escoitar como cantaban o 37 cunha voz familiar, ao erguer a ollada, descubrir a Carme tras do bombo da lotería disposta a cantar un novo número.



/ a reverter polas encostas rúas de esquinas verdecentes. De cando en pouco, detíñame como para coller folgos, controlaba de reollo o mínimo movemento de xente para camiñar novamente con bruscos andares e mans nos petos.

Xa digo, ía reverter, e non me estraña. Fumara polo menos uns oito “canutos” dende as catro do serán, ao saír da casa sen rumbo fixo. No ascensor prendera o primeiro. “Herdeiros de Xesús González”, gardaba dentro, na lapela, a caixa de mistos.

Fillos de puta, iso é o que son. Botarme da empresa, e coma min aos outros sete compañeiros, alegando que no había choio e cumpría reducir postos. Habíalles reducir eu ben sei o que. Que cabróns! E logo, moito “Mercedes” e moito veleiro en Sada e nós, a rañala.

Tiña un par de talegos que lle mercara ao Trili pola noite, cando me viña para casa. E xa levaba oito “petas” fumados.

Seguía a camiñar sen punto fixo. Saudei un coñecido para continuar a vagar ata a Rúanova. Restreguei os ollos e ao facelo, diante de min notei que o andar daquel home me soaba familiar.

Deron as once no reloxo da Catedral; coa man dereita quitei a navalla do peto, xa a medio abrir, o que rematei de facer unha vez fóra. Dun brinco, púxenlla ao pescozo a aquela case sombra que diante miña camiñaba.

– Veña! Todos os cartos que teñas. Apresa!

Non lle dei tempo a reaccionar. Sabía que levaba a carteira no interior da americana, así que lla quitei coa man esquerda en tanto que lle daba un baldón contra da parede.

Puiden así fuxir á carreira, mentres don Tomás, o maior dos “Herdeiros de Xosé González” quedaba a berrar e a pedir socorro apoiado na cantería.

Corrín coma un tolo por rúas e prazas premendo a grosa carteira contra do peito. No “Calexón dos mexos” desfixenme dela gardando as oitenta mil pesetas –en billetes de cinco e dez mil– entre o slip e o pube.

Acougada a respiración pola distancia prudencial, entrei nun café. Un disco repetía incesantemente “*Mucha, mucha, policía*”. Debruceime no mostrador, pedín un refresco e púxenme a facer un novo “canuto”.